



**RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E PATRIMONIO
POLA QUE SE NOMEA PERSOAL ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCA-
DO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL DE BOMBEIRO DO CONCELLO DE PON-
TEVEDRA (OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2010).**

Consonte coa base 8ª das xerais que rexen a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no servizo de extinción de incendios do Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público de 2010 (BOP núm. 158, do 18 de agosto de 2015), o tribunal, por medio do seu presidente ou presidenta, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para as probas cos labores que estimen pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Á vista da citada base, esta Concellería de Goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Designar en calidade de membros asesores do tribunal do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de oficial de bombeiros ás seguintes persoas:

- Don **Carlos García Touriñán**, director da Área de Seguridade do Concello de A Coruña.
- Don **Guillermo Domínguez López**, Subxefe do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo.
- Para o exercicio de coñecemento do idioma galego, dona **Concepción Cochón Rodríguez**, asesora lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

Así o ordena e dispón o Concelleiro da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a 07/02/2016, do que o secretario da Administración Municipal, da fe.



Vicente García Legísima



O secretario da admón. municipal,

José Carlos Castiñeira Piñeiro.